



PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO----CURSO 2016-2017

Segundo a normativa vixente, orde do 12 de marzo de 2013, pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de Educación Infantil e Primaria, ábrese o prazo de admisión do alumnado no CEIP de Arzúa tendo en conta as seguintes directrices informativas:

1.-OFERTA DE POSTOS DE ESCOLARES

Ensinanzas	Prazas	Prazas Dispoñibles	Prazas reservadas para alumnado con NEAE
4º Educación Infantil	50	47	3
5º Educación Infantil	50	31	
6º Educación Infantil	25	7	
1º Educación Primaria	50	23	3
2º Educación Primaria	50	35	
3º Educación Primaria	50	25	
4º Educación Primaria	50	19	
5º Educación Primaria	50	18	
6º Educación Primaria	50	25	

2.ÁREA DE INFLUENCIA: Concello de Arzúa

3.CENTRO DE ADSCRICIÓN: I.E.S de Arzúa

4.PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN: Do 1 de marzo ao 29 de marzo, ambos os dous inclusive.

5.PRAZO DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA: Do 20 ao 30 de xuño

5.SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO CENTRO:

Transporte e Comedor Escolar ofertados pola Consellería de Educación e O.U.

Plan madrugadores ofertado polo Concello de Arzúa.



6.PUBLICACIÓN DA LISTAXE DE ADMITIDOS: Antes do 15 de maio

7.PRAZO DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA: Do 20 ao 30 de xuño.

8.NOTA INFORMATIVA:

-Segundo a lexislación vixente, só se pode presentar unha única solicitude no Centro no que se solicita a praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

-O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro e presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo ao centro de orixe.

-O alumnado que ten reservada a praza nun centro e presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá renunciar á reserva de praza antes de que se inicie o prazo de presentación de solicitudes de admisión.

9.NORMATIVA REGULADORA: Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos(DOG N°53 do venres 15 de marzo de 2013).

Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo

que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Decreto 132/2013, de 1 de agosto (DOG do 13 de agosto de 2013) polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15 de marzo), polo que se regula a admisión de alumnos en centros docentes.

Orde do 13 de xuño de 2008 (DOG do 19 de xuño de 2008) pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar os centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Decreto 203/1986 , de 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente aspectos do transporte escolar.

Real Decreto 894/2002, de 30 de agosto, polo que se modifica o Real decreto 443/2001 sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.